

**Poesía en galego ó servizo da causa franquista:  
un romance de cego de 1930 e o seu lugar no mester de  
marisquería ou no mester de mariscolatría**

**Xesús Alonso Montero**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [1999]). “Poesía en galego ó servizo da causa franquista: un romance de cego de 1930 e o seu lugar no mester de marisquería ou no mester de mariscolatría”. En *Resposta escontra unha inxuria, obra de un percebe copeiro de Cortegada*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 5-32. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/705>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

ALONSO MONTERO, XESÚS (1999). “Poesía en galego ó servizo da causa franquista: un romance de cego de 1930 e o seu lugar no mester de marisquería ou no mester de mariscolatría”. En *Resposta escontra unha inxuria, obra de un percebe copeiro de Cortegada*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 5-32.

\* Edición dispoñíbel desde o 10 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## POESÍA EN GALEGO Ó SERVIZO DA CAUSA FRANQUISTA: UN ROMANCE DE CEGO DE 1930 E O SEU LUGAR NO MESTER DE MARISQUERÍA OU MESTER DE MARISCOLATRÍA

Xesús Alonso Montero

Ofrecemos neste volume a edición facsímile do romance *Resposta escontra unha inxuria*, publicado en Vigo por primeira (e única) vez no ano 1936. Así pois, a presente, 63 anos despois, é a segunda edición deste curioso relato en verso. O “romance de cego”, como reza o subtítulo, é, en efecto, unha “resposta” a unha “inxuria”, escrita por alguén que se oculta baixo o pseudónimo “Un Percebe Copreiro de Cortegada”. No medio e medio da cuberta, debaixo do debuxo dunha centola, estámpanse estes catro versos:

¡Os mariscos!... Ay, qué ricos  
nascen nas nosas ribeiras;  
o que non nasce en Galicia  
son cobardes, nin babecas!

Hai, na contracuberta, outra referencia na liña da copla e do pseudónimo: “¡Vivan os *Mariscos!*”.

Os “mariscos” eran os soldados galegos que combatían no bando “nacional”. Así foron alcumados o 11 de agosto de 1936 nun desafortunado incidente radiofónico, alcume que moitos soldados galegos do Exército franquista aceptaron e asumiron de contado con orgullo. A “inxuria” foi a proferida, nesa data, por unha emisora vasca, Radio Bilbao, nestes termos: “En Galicia no hay hombres..., solamente hay mariscos”<sup>1</sup>. Con estas [6] palabras a inxuria proferida desde a emisora republicana de Bilbao suscitou, na prensa galega e no galego, unha chea de páxinas en defensa do valor e da virilidade do soldado galego; tamén suscitou en Galicia poemas, tantos que ben podemos falar, nesas calendas, dunha escola poética especial: o mester de marisquería. Trátase de centos e centos de versos nos que os “mariscos” –os soldados galegos de Franco– ás veces son exaltados de tal maneira que, neses casos, o mester de marisquería convértese nun auténtico mester de mariscolatría.

Neste mester, case sempre en castelán, o texto máis longo (156 versos) foi redactado en galego e, probablemente, cantado nas feiras do país. Refírome ó “romance de cego” que hoxe ofrecemos ó lector en facsímile. Facsimilamos, para esta edición, o exemplar de don Guillermo Escrigas, erudito e xeneroso bibliómano. A el debo, en 1995 (¿ou en 1996?), o coñecemento deste romance en galego de 1936, romance do que non tiña ningunha noticia. Tempo despois, souben da existencia doutro exemplar, o da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>1</sup> Leo en *El Pueblo Gallego*, no artigo anónimo “Una soez injuria a los gallegos”: “Añadían que en Galicia no había hombres, que solamente había mariscos” (13-8-1936).

## 1. Os “mariscos”: un pouco de historia e de política

Proferida a aldraxe por Radio Bilbao o 11 de agosto de 1936, a primeira “resposta” pe-riodística que coñezo é do 13 do mesmo mes. O *Faro de Vigo* publica nesa data (dous días despois da “inxuria”) un solto co título “·En Galicia también hay hombres”, do que escollo estas [7] liñas: “La emisora de Bilbao ha pretendido hacer un chiste a costa de los gallegos [...] Cree el fracasado chistoso de Bilbao que las columnas de Galicia no continuarán su avance, porque en Galicia no hay hombres sino maricas”.

Nesta mesma data (o 13 de agosto) *El Pueblo Gallego* titula o seu editorial “Estos son los gallegos”, que comeza: “Gran número de patriotas, falangistas... se han acercado a esta Redacción para que... se diera réplica justa y adecuada a los marxistas de la emisora de Bilbao, que, al parecer, en los estertores de su fatal e inevitable agonía, se han permitido poner en duda el valor indomable de los gallegos”.

A dirección do xornal responde á emisora bilbaína con palabras alleas: a gabanza que fixo Wellington, en 1813, da valentía dos soldados galegos ante o exército de Napoleón. E termina cun aviso: que axiña os “roxos” serán vencidos por un soldado galego que se chama Francisco Franco Bahamonde.

É neste número no que se inserta o artigo “Una soez injuria a los gallegos”, xa citado.

*La Voz de Galicia*, na mesma data, arreponse á inxuria (“que aquí no había hombres sino mariscos”): “ofensa que los gallegos sabrán castigar y devolver cumplidamente en su día”.

Dez anos despois, a “inxuria” non fora esquecida. Nunha manifestación da Coruña contra a ONU e o Goberno republicano do exilio (presidido por Giral e [8] do que era ministro sen carteira Castelao), un grupo de excombatentes portaba unha pancarta con esta inscrición: “Franco: Los mariscos estamos a tus órdenes”<sup>2</sup>.

O mal intencionado apelativo (mariscos relaciónase con “maricas”, no sentido vulgar de “pouco homes”) resultou unha ofensa moi grave para Galicia, ofensa que axiña se volveu contra os ofensores, pois sábese que os galegos que loitaban en Asturias –e noutras partes–, feridos na súa condición de galegos, intensificaron o seu esforzo bélico nun combate que para algúns deles empezou a ter sentido desde ese momento.

## 2. A cuestión dos “mariscos” na pluma dun fascistas galego (Moure Mariño) e na dun republicano galeguista (Castelao)

Reproducímo-los seus textos por orde cronolóxica; por conseguinte, en primeiro lugar, o do militante falanxista Luís Moure Mariño, que é de 1939:

La primera y más importante de las aportaciones de Galicia a nuestra guerra, ha sido la aportación humana, en el más preciso y precioso sentido de esta palabra. El voluntariado cundió bien pronto en Galicia. Los mozos de los campos, hijos de labriegos, gente sana [9] toda ella y sin contaminar por el virus de las ideas disolventes, fueron los primeros en ofrecerse para formar en las filas del Ejército. [...]

Por la tierra y por el mar, desde las primeras horas, supo Galicia ir a la cabeza de todos los sacrificios.

Aquellos hombres eran los “mariscos”. Hagamos en este lugar la historia de aquella frase que, aspirando a ser un insulto, había de convertirse después, en los días de la guerra, en una insignia de gloria y de orgullo para todos los gallegos.

<sup>2</sup> *La Noche* (Santiago de Compostela), 10-12-1946.

La palabra “mariscos”, en el sentido ofensivo que los marxistas quisieron infundirle, nació el día 11 de agosto de 1936, en la forma siguiente: la emisora roja de onda corta 2 F. P., de Bilbao, sostenía una conversación con otra estación, roja también, radicada en Madrid. El locutor madrileño preguntaba a Bilbao noticias sobre la situación de Asturias, y Bilbao respondía, con cierta displicencia, que no se preocupasen por la situación de dicha provincia.

“Es cierto –le explicaba el locutor de Bilbao a su compañero de Madrid– que [10] han salido fuerzas gallegas hacia Asturias pero no debéis de preocuparos –añadía textualmente–, porque en Galicia no hay más que “mariscos”, pero no hombres” [...] Esta injuriosa conversación fue captada por la emisora de Oviedo, que, inmediatamente, respondía [...]

El hecho es que el humorismo y la ironía de los soldados de Galicia les llevó a adoptar el marisco como insignia y “mascota” de guerra. Los primeros en utilizarlo, como tal, fueron los voluntarios de la Bandera Legionaria Gallega de Falange. Con el marisco prendido en sus guerreras asaltaban a los pocos días las alturas de Santiago-Mendi y el monte de Santa Bárbara, preparando con su heroísmo la conquista de San Sebastián.

El debut de los “mariscos” en el Norte fue la más completa respuesta a la injuria roja. El mote había nacido en Bilbao el 11 de agosto, y, cuando aún no había transcurrido un mes, los “mariscos” gallegos contribuían de manera decisiva para arrebatarle a la pintoresca “república de Euzkadi” la capital donostiarra.

[11] El marisco fue, después, una insignia que se popularizó de tal forma que eran pocos los soldados que dejaron de llevarlo prendido en sus capotes y guerreras. [...] Fuimos millares los gallegos que, sin vestir el uniforme militar, llevábamos, sin embargo, sobre nuestra indumentaria habitual, la insignia diminuta del marisco<sup>3</sup>.

Un ano despois, Castelao, no Libro Segundo (1940) de *Sempre en Galiza*, escribe:

O pior do caso é que aqueles rapaces galegos, obrigados a loitar en contra dos seus propios ideaes, levaban no sangue a bravura que proclamou Wellington... Estou ben seguro de que os rapaces galegos saíron de Galiza con mentes de pasárense a nós, como se pasaron noutros frentes, e alí mesmo; pero foron magoados na súa diñidade de homes e de galegos. Chamáronlle cobardes, “mariscos”, i, esgotando contra eles o rico repertorio da língoa castelán, crearon de improviso un antagonismo de veciños e con el un [12] exército co que non contaba Franco. Os rapaces galegos esqueceron os motivos da guerra e soio pensaron en vengarse dos aldraxes i en facer respetar a súa diñidade de homes e de galegos. Por unha falla de xucio, que os levou até a loucura, os soldados galegos loitaron na guerra como loitan nas romerías: aturuxando e sen temer á morte. E foi así que os “mariscos” tomaron Asturias<sup>4</sup>.

Por iso, o 16 de outubro de 1936. *El Pueblo Gallego*, de Vigo, redacta a noticia da “reconquista” da capital asturiana nestes termos: “Las columnas gallegas han entrado el día de ayer triunfalmente en Oviedo. Los “mariscos” han limpiado Asturias del furor de los marxistas...”. No mesmo número Julio Sigüenza titula o seu artigo “Las heroicas columnas gallegas”.

Nesas datas, as Corporacións municipais dos concellos asturianos “liberados” agradeceron a acción “salvadora” dos “mariscos” rebautizando algunhas rúas importantes co nome de Avenida de Galicia<sup>5</sup>.

<sup>3</sup> *Galicia en la guerra*, Madrid, Ediciones Españolas, 1939, páxs. 161-164.

<sup>4</sup> *Sempre en Galiza*, 2, XI.

O Libro Segundo de *Sempre en Galiza* foi escrito en 1940 pero non se publicou ata 1944, data da primeira edición do volume.

<sup>5</sup> En Xixón, desde febreiro de 1937, a rúa antes chamada de Fuentes Acevedo será Avenida de Galicia.

[13] Cómpre lembrar que non tódolos soldados galegos recrutados contra a Asturias republicana responderon como “mariscos”. Houbo mozos que “se pasaron” ás filas republicanas, dato que non se lle escapou a Castelao, quen o subliña nestes termos: “... pero nas crónicas endexamais se falou dos catorce mil galegos, asimilados pola desíñación de “mineiros asturiáns”, e os cronistas calaron sempre o nome de dous xefes mineiros galegos, insuperables na bravura, na diñidade e na decencia: Gayoso e Vázquez”<sup>6</sup>.

En plena guerra foron varios os galegos, algúns ilustres, que tiveron que defende-la honra de Galicia, a cotío embazada pola importante axuda (non sempre voluntaria) á causa franquista en Asturias e noutros territorios. Pouco despois da “caída” de Asturias, o socialista Ramón Cabanillas Álvarez (fillo do gran poeta Ramón Cabanillas) publicaba “Galiza en Asturias”, artigo no que se facían afirmacións coma estas:

Nós os galegos, que compoñemos a metade da lexión heroica dos mineiros, tivemos unha parte importante na defensa do chan nordeiro. Por el pasáronse, en riadas optimistas, evadidos do terreo do crime e da baixeza. Eran arrincados das súas chouzas e levados [14] aos frontes astures. Inda ben non chegaban a el, pasábanse, dando eisi, unha vez máis, probas do antifeixismo que latexa no noso pobo. Temos que rexistrar esto pra facer máis levián a espiña da traxedia por que está pasando a nosa Terra<sup>7</sup>.

Estes mozos galegos, sen dúbida doídos polas palabras da emisora bilbaína, sabían ben quen era o inimigo esencial, razón pola cal arriscáronse a cambiar de xeografía para defender, no exército republicano, as súas ideas. En realidade, os especialistas na Guerra Civil non saben con precisión cantos soldados galegos de mol antifascismo preferiron, despois do 11 de agosto, seguir combatendo nas ringleiras do exército sublevado: cos “mariscos”. Cos mariscos que, de contado, suscitaron páxinas e páxinas, en verso e en prosa, que parecían inspiradas, algunhas, por un Goebels hispano non exento de sutileza.

### 3. As musas antifranquistas e o mester de marisquería

Antes de romata-lo 1936, xa existía un “Himno de los mariscos”, que se cantaba coa música do Himno da lexión. Publicouse o 15 de decembro dese ano nunha [15] revista compostelá especialmente belixerante: *El Eco Franciscano*. Hai versos que argumentan así:

Miserable marxista asesino  
de “mariscos” el nombre nos dio  
sin pensar que el Apóstol divino  
con “mariscos” su manto adornó.  
Y el insulto del rojo villano  
convirtiose en timbre de gloria [...]

O estribillo, longo, finaliza con estes dous versos, moi doados de cantar para os que oíran algunha vez a canción lexionaria:

“Marisquiños” a luchar,  
“marisquiños” a morir.

<sup>6</sup> *Sempre en Galiza*, Buenos Aires, As Burgas, 1961, páxs. 187-188.

<sup>7</sup> *Nova Galiza* (Barcelona), 13, 20-12-1937.

Algo anterior é un poema publicado, como anónimo, en *Vida Gallega*, con versos así de curiosos:

Ya vuelve el Señor Santiago  
a sus tierras de Galicia,  
al frente de sus “mariscos”  
a ver a las “moreniñas”.  
[...]  
Ya vuelve el Señor Santiago  
Con su “mariscada” altiva<sup>8</sup>.

**[16]** A comezos de 1937 publicouse un curioso credo, titulado “El credo de un ‘marisco’”<sup>9</sup>, que, na época, non resultou irreverente. Comezaba con estes versos:

Creo en ti, oh Franco!, todo poderoso,  
Reconquistador de la madre España,  
creador de nuestro Imperio glorioso,  
padre y redentor de la fe cristiana.

O autor, Antonio Nalgo, semella ser persoa infinitamente crédula non só polo verso 5 (“Creo en tu poder y en tu omnipotencia”) senón polo segundo hemistiquio do verso 7 (“creo en tu clemencia”), virtude que, referida a Francisco Franco, lévanos a pensar que o señor Nalgo era dunha inxenuidade infinita.

En xaneiro de 1938 publicouse, en Vigo, con prólogo de Jaime Solá, un opúsculo en verso titulado *Rayos de sol*, obra de Mechitas de Vigo, pseudónimo de Mercedes Viso Troncoso. De feito, o título completo deste devocionario franquista é *Rayos de sol para los mariscos y sus madrinas*. Os mariscos están moi presentes desde a dedicatoria, onde a autora declara: “Para ti, Marisco... quien te motejó despectivamente ignoraba el valor de sus frases inconscientes”. En varios dos poemas do opúsculo faise referencia admirativa ós mariscos. Nun deles, “El secreto”, mesmo é denominado “Marisco” o xeneral Franco: **[17]**

y lleváis todos  
dentro del pecho  
la fuerte espada de nuestro Apóstol,  
la santa espada del Marinero.  
Por eso siempre son los “Mariscos”  
sus predilectos  
y como prueba de su cariño  
el que nos guía con tanto acierto,  
el Enviado que Dios inspira,  
es un “Marisco”,  
es ¡un gallego!

Creo que a autora deuse certo xeito á hora de chamarlle “Marisco” a Franco (o Enviado, con maiúscula) sen que o verso resultase paradoxal. Na segunda parte deste libro, enteira-mente en galego, nun dos doce poemas, o titulado “Cantigas trouleiras”, lemos:

<sup>8</sup> *Vida Gallega* (Vigo), 679, 30-11-1936.

<sup>9</sup> *Galicia Nueva* (Villagarcía), 10-3-1937. (Reprodúzoos no meu libro *Os poetas galegos e Franco*, Madrid, Akal, 1997, páxs. 94-95).

Os “Mariscos” de Galicia  
i os “tomates” de Navarra  
fixeron tan boa comida  
que deron a vida a España.

Non vai moi desacertada a cantigueira cando pondera a importancia do papel xogado, na “reconquista” de España, por Navarra e Galicia. Non sei, sen embargo, se “tomates” (metáfora metonímica por “requetés”), escrito con minúscula, é un erro de imprenta ou unha magnificación dos “Mariscos” (con maiúscula).

[18] Na cuberta do libro, non exenta de pintoresquismo, aparece a fotografía de Me-chitas de Vigo e tamén a da súa filla María Antonieta (con mantilla española), autora, como reza na cuberta, dun “breve final”. Tamén nas páxinas da filla cantan as musas mariscófilas, xa na dedicatoria, titulada “Pequeño obsequio a los mariscos”.

Co título “Soldados de mi tierra”, Marina Cascallar Vázquez, de Caldas de Reis, publica un canto, que comeza desta maneira:

“Mariscos”, “marisquiños”...,  
soldados de mi tierra,  
valientes soldaditos de Galicia  
que os fuisteis muy contentos a la guerra<sup>10</sup>.

O poema mereceu a honra de que José Sanz y Díaz o recollese na súa escolma de 1939, *Lira bélica (Antología de los poetas y la guerra)*<sup>11</sup>. A escolma, voluminosa, acolle, de escritores galegos, senllos poemas de Francisco Leal Insua, Celso Emilio Ferreiro e Adelardo Curros Vázquez, e tres de Herminia Fariña. Ningún destes seis poemas pertence á escola do mester de marisquería.

Na mesma revista, *El Eco Franciscano*, e no mesmo número, o 1000, correspondente ó 1 de marzo de 1938, [19] publicouse “Los mariscos”, soneto que comeza con esta explicación:

La ocasión de un apodo despectivo,  
con que un cobarde vil os ofendía,  
a exaltar vuestra heroica bizarría  
en todos los combates, dio motivo.

O autor, Leocadio López, daquela xeneral retirado residente en Pontevedra, foi coñecido por un libro de versos moi do momento titulado *Mis amores, Dios, patria, Franco* (1938)<sup>12</sup>.

#### 4. Estudio do romance *Resposta escontra unha inxuria*

Editado en Vigo no ano 1936, por Artes gráficas Gutenberg, non sei de ninguén que teña falado deste romance nin daquela nin despois. Un estudioso tan especializado neste período como Claudio Rodríguez Fer non o coñecía en 1994, ano no que publicou a súa

<sup>10</sup> *El Eco Franciscano* (Santiago de Compostela), 1-3-1938.

<sup>11</sup> Valladolid, Librería Santaren, 1939, páx. 169.

<sup>12</sup> *Vid.* o meu libro *Os poetas galegos a Franco*, páxs. 19-20, 91 e 120-124.

documentadísima tese de doutoramento titulada *A literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)*. Eu souben, como xa adiantei, da existencia deste curiosísimo opúsculo ó ano seguinte mercé a Guillermo Escrigas, tan erudito como xeneroso.

#### [20] 4.1. *Contido do romance (con algunha aclaración)*

##### I. Versos 1 a 54

Xente de malvada e covarde condición, “sin Patria” e “sin Dios”, xente manexada “polos rusos”, pensaron que nos aldraxarían coa “cuchufleta” de que só “mariscos” produce a nosa terra, chea de “xuventudes valentes”, “netos direutos dos Celtas”. Iso di esa xente que “a Pasionaria amanceba” e que é vítima dos “fungueirazos” das “charlas churruqueiras” do xeneral Queipo de Llano, de “baril inxenio”.

##### II. Versos 55-86

Cómpre saber que nesta nosa terra ata dan “manxares as pedras”, os mariscos, por exemplo, que non son a única regalía que produce o país. Aí están: o viño de Valdeorras, os lacóns do Carballiño, as pavías de Ribadavia, os queixos da Arzúa, as papuxas de Monforte, o pantrigo de Compostela, as cereixas de Noia...

##### III. Versos 87-94

Os “Mariscos” son valentes, tanto que os “cangrexos de Palmeira/andán sempre pra diante”, nunca recúan. En Galicia, certo, non nacen “cobardes nin babecas”.

##### IV. Versos 95-100

Ti, que viñeches a Vigo encherte cunha boa mariscada, págasnos agora con ese “chiste”. (O Percebe Copreiro parece saber ou supoñer quen foi o responsable da “inxuria”).

#### [21] V. Versos 101-108

¿Por que os poetas nosos de musa festiva non lle poñen “a carto as peras” ó inxuriador? Dócese de que non o fagan

... Xavier Lameiro,  
Cuiñas, Ulloa ou Portela  
(Farruco, por decontado,  
qu’outro botouse de perda).

Imos ver se os escritores citados pertencen, todos, ás “musas festivas” e á ideoloxía dos sublevados.

De Xavier Lameiro (Xavier Prado *Lameiro*, 1874-1942), excelente musa festiva, non sabemos que publicase versos rexoubeiros nestas datas. Aínda que, nunha ocasión, en versos serios, fixo un soneto, en castelán, “Al Generalísimo Franco”<sup>13</sup>.

O Cuiñas mencionado no verso 101 ten que se-lo vigués Pío Lino Cuiñas Pereira (1851), poeta, ás veces, en galego, que publicou, en castelán, moitas páxinas humorísticas en prosa e en verso. Pero xa falecera, en 1927. Quizais non haxa que descartar a Humberto Cuiñas, autor de *Berzas y otras legumbres*, versos cómicos.

<sup>13</sup> *La Región* (Orense), 1-1-1937.



O Ulloa mencionado (o pontevedrés Torcuato Ulloa Varela, 1863-1946), escritor en castelán, fundou, entre outras revistas, *Galicia Cómica*.

[22] En canto ó Portela dese verso, trátase, sen dúbida, doutro pontevedrés, Francisco Portela Pérez (1864-1948), non alleo á prosa festiva que cultivou no semanario churrusqueiro *A Tía Catuxa*, do que foi fundador (1889). Non sabemos, sen embargo, se, entre 1936 e 1948, publicou textos profranquistas<sup>14</sup>.

#### VI. Versos 109-144

A ti, “galopín barrigas”, ímosche mandar un compango axeitado, “un prato que sabe a groria” e que xa foi probado en Toledo, Oviedo e Huesca (localidades “liberadas”, algunha con importante colaboración galega).

#### VII. Versos 145-156

“Esto é o que Galicia exporta”, ou sexa, “rexos homes prá guerra”, todos eles valentes, abnegados, conscientes da súa honra e dispostos sempre a regaren os campos da patria (“nai”) co seu sangue.

### 4.2. Romances e cancións franquistas en galego na Guerra Civil

De novo, temos que bogtar man dun texto de Moure Mariño, do seu libro, xa citado, *Galicia en la Guerra* (1939):

[23] Acaso una de las mayores virtudes que, en su resonancia, ha tenido la guerra en Galicia, sea la de haber sido una guerra “popular” en el más exigente sentido de la palabra; esto es, una guerra sentida y animada por todo el pueblo de Galicia: por los labriegos de los campos y los marineros y los pueblos. Y es que esta guerra ha tenido en Galicia ecos de romancero y empresa de gesta. Yo he visto, en las ferias del pueblo donde he nacido, cantar a coro a grupos de ciegos mendicantes, coplas de la guerra, escuchadas, con los ojos atentos y el oído alerta, por mozos fuertes y animosos, y por mozas encarnadas de anchos pómulos colorados (páx. 137).

O que neste estudo importa subliñar son as liñas referentes á presenza, en instancias populares (feiras) da súa localidade natal (Escairón), de coplas bélicas. Tamén importa rete-las liñas nas que Moure Mariño interpreta o apoio á rebelión, en Galicia, como unha especie de adhesión entusiasta mesmo nas súas clases máis humildes, expresión do cal serían as “coplas” dos rapsodas populares –os cegos mendicantes– escoitadas con fruición –engade Moure Mariño– pola xente moza das aldeas.

Hai tempo escribín ó señor Moure Mariño rogándolle que me fixera unha especie de *explanatio* do texto [24] seu que veño de transcribir, *explanatio* que tería moito interese. Desde aquí apelo a todos aqueles que no trienio da Guerra Civil oíron “coplas de guerra”.

Hoxe por hoxe, que se saiba, ninguén se ten interesado, como estudioso, polo cancionero e o romanceiro galegos da Guerra Civil. Por sorte, sen embargo, dous grandes coñecedores da literatura oral, Mini e Mero, extraeron para min, do seu inxente arquivo, tres

<sup>14</sup> O autor do romance de cego alcara, ó referirse a Portela, que se trata de «Farruco, por decontado/qu’outro botouse de perda». O outro é Manuel Portela Valladares (1867-1952), político centrista odiado polas dereitas por non impedir, como presidente do goberno, o acceso ó poder ó Frente Popular despois do triunfo electoral do 16 de febreiro de 1936.

romances en castelán (con galeguismos), dous cantados, no seu día, pola cega de Santa Leocadia, e o outro polo señor Florencio, o cego dos Vilares. Cómpre, xa, facérmonos unha pregunta que cremos importante. ¿Cantábanse en idioma galego algunhas desas “coplas de guerra”? Sen dúbida foi así. Porque, interpretadas ou non polos cegos mendicantes, houbo nos anos da Guerra Civil cancións en galego de tema “nacional”, antirrepublicano ou antimarxista. Eu mesmo oín cantar (e supoño que cantei) no ano 1938, en Ventosela (Ribadavia) esta canción:

–Azaña, Azaña,  
¿onde raio estás ti?  
–Estou aquí, en Valencia,  
porque escapei de Madrid.

Están os madrileños  
que solo botan chispas  
en contra dos marxistas  
e con moita razón  
por culpa do goberno [25]  
de Largo Caballero  
que escapou altanero  
cantando esta canción:

–Azaña, Azaña,  
¿onde raio estás ti?  
–Estou aquí, en Valencia,  
porque escapei de Madrid.

É atinada a observación cronolóxica que fai Rodríguez Fer verbo destes versos: “Tal cantiga tivo que ser composta entre o 6 de novembro de 1936, data do traslado do goberno de Largo Caballero a Valencia, e o 17 de maio de 1937, en que comezou a gobernar Juan Negrín”<sup>15</sup>.

Pero ¿composta por quen? ¿Por un fistor calquera? Teño a impresión de que a canción non foi obra dun fistor senón dun poeta culto non alleo ós xeitos populares e moi preciso nos datos do momento político convenientes, na súa intención, para os seus obxectivos: o Presidente da República, Azaña, covarde, foxe de Madrid, cidade na que todos (ou case todos) están que “botan chispas” contra os “marxistas”, que eran contra [26] quen facía a guerra Franco (segundo a propaganda “nacional”).

A canción, que eu aprendín en Ventosela (Ribeiro de Miño) en plena Guerra Civil, cantábase, polo menos en parte, tamén na comarca de Padrón (segundo me informan persoas fiables daquelas terras).

Dentro do cantigueiro franquista houbo coplas que pertencen, de cheo, ó mester de marisquería. Das cinco que reproduce un semanario de Buenos Aires en decembro do 36<sup>16</sup>, tres están nesta liña:

<sup>15</sup> *A literatura galega durante a guerra civil*, Vigo, Xerais, 1994, páx. 73.

Esta canción proporcioneilla eu a Rodríguez Fer sen o verso 11, que agora recupero coa axuda do meu amigo ventoselán Modesto Fernández, quen, por certo, aclárame que “a cántiga esta viña de Ferrol, onde a cantaba moita xente”.

<sup>16</sup> *Galicia* (Federación de Sociedades Gallegas), 20-12-1936.

Alalás

Os mariscos de Galicia  
van a Asturias a loitar,  
arricare a mala herba  
que crece no patrio lar.

Catro roxos muscuvitas  
nos quixeron visitar  
e levaron de recordo  
todo “roxo” o espaldar.

En Ourense os rapaciños  
queren todos pelear:  
Santo Cristo non les [sic] deixes  
que non sei qué vai pasar. [27]

Caminiño de Xixón  
vanche os centolos galegos;  
tede coidado, roxiños,  
que non os [sic] pillen os dedos.

Vivan os nosos mouríños,  
vivan os homes do Tercio,  
viva Franco, viva Aranda  
i os marisquiños galegos.

Figuran estas cinco cántigas no artigo titulado “Envilecemento do idioma galego. Unas coplas indecentes”, artigo no que o seu autor, X. X., profire estas aseveracións: “Quedaba intacta –por odio de los propios perseguidores– la complicidad del sagrado idioma. También esta vileza ha sido cometida. Y el ripioso de alma vencida pone a contribución del asesinato sus malos zumos espirituales de máncer, allá, en una villa gallega en cuyo cielo aún truenan los sarcasmos de Leiras Pulpeiro”.

Trabucárase quen pensase en Álvaro Cunqueiro, nesas datas editorialista, en Ortigueira, no periódico falanxista *Era Azul*. Se houbese que suxerir un nome, acaería mellor para este “ripioso mindoniense” o de José Trapero Pardo, versificador en galego non alleo ás musas festivas –como diría o Percebe de Cortegada– e identificado politicamente cos sublevados.

Quixera aclarar que a musa popular galega non só foi franquista nos anos da Guerra Civil senón que, ás [28] veces –moi poucas, se nos atemos ós datos– rexoubou coas cousas do franquismo. En Ventosela (Ribadavia) cantábase nesas datas –supoño que en voz baixa e en certas situacións–:

Antes eras falangista  
ahora eres requeté  
cambiáche-la camisa  
do dereito pró revés.

Rodríguez Fer, a quen lle cantei a copla, apostila: “... é unha crítica ao cambio experimentado polos falanxistas cando asumiron o tradicionalismo tralo decreto de unificación da F. E. y de las J. O. N. S. coa Comunión Tradicionalista o 17 de abril de 1937” (páx. 73).

Non son franquistas, tampouco, estes catro versos que se cantaban en plena Guerra Civil en Vigo, polo menos en Vigo, onde os cidadáns que non pagaban unha determinada cantidade tiñan que traballar, con pico e pa, na construción do aeroporto (meu pai, entre eles):

Se vas a Peinador  
dí qué vas facer,  
vas a traballar  
e non vas comer,  
e non vas comer,  
se vas a Peinador  
dí qué vas facer.

Así a aprendín (¿sen seseo?) e así a canto.

### [29] 4.3. Do autor: ¿Lisardo R(odríguez) Barreiro?

¿Había, na Galicia dos anos da Guerra Civil, poetas cultos capaces de escribiren de encarga romances de cego de tema franquista? Non sei se chegou a escribir algún Noriega Varela ou Álvaro Cunqueiro, autor, noutras datas, de textos deste xénero. En canto á *Resposta* pódese xurar que nela non puxo a man literaria ningún destes poetas, neses anos, certamente, moi favorables ó espírito deste panfleto. Podería pensarse nun poeta de moitos menos estro, no ponteareano Rogelio Rivero, autor de centos de páxinas galegas cheas de grosa comicidade antes do Dezaioito de Xullo. Despois desta data, publicou, en castelán, un panfleto ruín contra as grandes figuras da política republicana co título, ben expresivo, de *Desfile de bandoleros* (Pontevedra, 1939). Sen descartar totalmente a Rogelio Rivero, o autor da *Resposta* hai que buscalo, como ós mariscos, á beira do mar, en Vilagarcía de Arousa, onde vivía daquela, desde había moito tempo, o escritor, médico e farmacéutico noiés Lisardo Rodríguez Barreiro (1862-1943).

Lisardo Barreiro é autor dun libro moi pouco coñecido (ou moi pouco valorado), *Escumas e brétemas*, publicado en 1923<sup>17</sup>. Neste poemario o galeguismo do autor está presente desde a dedicatoria, onde estampa esta afirmación: “... a nosa cobizada redenzón, que xa escomenza a alborear”. Algúns dos poemas do volume [30] son anteriores, contemporáneos, por tanto, do romance *El soldado gallego*, premiado nun certame de Lugo en 1897 e nese ano publicado<sup>18</sup>. Dedicálle-lo romance ós “intrépidos compatriotas que al mágico grito de ¡Viva España! Defendéis con heroico tesón el honor nacional allá en los abrasados campos de Cuba y Filipinas...”.

Non hai contradicción entre o galeguismo de Lisardo Barreiro e o romance, que exalta as virtudes e o valor dos soldados galegos, neste momento loitando por España, nunca cuestionada polo autor.

*El soldado gallego* foi reeditado en Vigo no ano 1936, despois da Sublevación, na mesma imprenta cá *Resposta*, en Gráficas Gutenberg. Esta edición amosa na cuberta a figura de Franco, “Jefe del Estado Español”, o que proba que a reedición é posterior ó 1 de outubro do 36. No 95% coinciden os textos das dúas edicións, pero son significativas algunhas das modificacións. Estas:

<sup>17</sup> Tipografía El Eco de Santiago, 1923. Na cuberta consígnase: «Segunda edición». Ninguén, que eu saiba, ten citado a primeira.

<sup>18</sup> Barcelona, J. Thomas, 1897.

1897: Si ilustre, a Castaños llega,  
1936: Si ilustre, a ser Franco llega,  
1897: De América en las estepas,  
1936: De Castilla en las estepas,

Ó final, na segunda edición, os soldados galegos loitan [31]

... porque la Patria  
inmortal, por siempre sea  
UNA, PRÓSPERA, INTANGIBLE  
de sus traidores redenta.

Estes e algúns outros versos nin figuran na edición de 1897, na que os soldados galegos loitaban en Cuba ou en Filipinas por outros motivos<sup>19</sup>.

É significativo que Lisardo Barreiro reedite o seu romance nos inicios da Guerra Civil, moi pouco despois, por tanto, da inxuria radiofónica do 11 de agosto de 1936. Reedítao nos mesmos días en que edita a *Resposta*, na mesma cidade, Vigo, e no mesmo obradoiro, Gráficas Gutenberg.

Que o romance galego se publique con pseudónimo –o Percebe Cobreiro de Cortegada– non responde, creo, a ningunha cautela do autor, sexa ou non Lisardo Barreiro, senón ó feito de conferirlle á *Resposta* máis autenticidade literaria: os mariscos, aldraxados, escollen a alguén do gremio, o Percebe, para que os defenda.

Tamén no opúsculo *El soldado gallego*, na edición de 1936, hai iconografía referida ós mariscos. En efecto, na contracuberta, no medio e medio, figura o debuxo [32] dun lumbrigante, cuxa presenza lexitima, aínda máis, a reedición do vello poema en gabanza das virtudes dos soldados galegos, alcumados de covardes coa ambigua expresión de “mariscos”. A presenza do icono –o lumbrigante– parece dictada pola mesma man que escribiu a *Resposta*.

Conviña facer un estudio comparativo entre o galego de *Escumas e brétemas* (1923) e o da *Resposta* (1936), onde non sería difícil advertir coincidencias mesmo nalgúns rasgos importantes. Hai outras semellanzas, non desdeñables. Se en “Eu son da terra celta” di que oiremos “a hestoria d’os seus sábeos, seus nautas, seus ascetas” (páx. 2), na *Resposta* caracteriza a nosa terra polos seus “sabios, guerreiros, ascetas!...”.

Non sei de ningún poeta galego que ó longo dun libro se refira á súa condición de poeta con fórmulas coma estas: “vello cobreiro” (V), “vello cobreiro da nobre terra galega” (5), “cobreiro escuro” (83). Un paso máis e chegamos ó “Percebe cobreiro de Cortegada” que é quen aparece como o autor da *Resposta*, romance no que este autor tamén se chama, na parte superior das páxinas 4, 6 e 8, “O cantor de Cortegada”. Pois ben, Cortegada, a illa de Cortegada, na ría de Arousa e tan próxima a Vilagarcía (onde residía Lisardo Barreiro), foi cantada por este nun poema de 1923 (páxs. 15-18). Lisardo Barreiro, en efecto, foi cantor da illa.

Así pois, suxerimos, coa debida caución, que o autor do romance de cego *Resposta es-contra unha inxuria* foi Lisardo R(odríguez) Barreiro.

<sup>19</sup> A edición de 1936 contén, en apéndice, tres gabanzas en prosa ó soldado galego: a de Millán Astray (a Franco, concretamente), a do xeneral Antonio Aranda e a clásica de lord Wellington de 1813.